

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 539/2014**

1. En data 17.10.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 421/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de obra denominado "Edar en Buchabad" incluída no PUSIM 2014 (II), mediante procedemento negociado sen publicidade.

2. Con data de 20.10.2014 foron remitidas as invitacións e ata o 7.11.2014 foron recibidas as ofertas dos licitadores.

3. Con data 18.11.14 reuniuse a Mesa de Contratación e tras a apertura das ofertas presentadas otorgou a seguinte puntuación:

**1.Oferta presentada por COVSA – Construcciones, Obras y Viales, SA**

**Total= 16,5 puntos.**

**2.Oferta presentada por VIAQUA**

**Total= 50 puntos.**

**3.Oferta presentada por Construcciones y Proyectos Abilleira, SL**

**Total= 50 puntos.**

**4.Oferta presentada por Construcciones Caldevergazo, SL**

**Total= 50 puntos.**

**5.Oferta presentada por Construcciones EC Casas, SL**

**Total= 37 puntos.**

4. A vista de que do exame das ofertas presentadas se produxo un triple empate por parte do Presidente da Mesa se solicita Informe os Servizos de Secretaría e Intervención acerca do procedemento a seguir:

5. Con data 20 de novembro de 2014 se redactou Informe por os Servizos de Secretaría e Intervención onde se concluíu que; "Que a vista de que se produxo un triple empate nas ofertas presentadas e de que no Prego de Cláusulas Administrativas non se fixo previsión alguna a este respecto, que se proceda a resolver o mesmo por sorteo en garantía do principio de igualdade de trato entre os licitadores."

6. Mediante Resolución de Alcaldía Nº 488/2014 , de data 24 de novembro de 2014 , e de rectificación de erros Nº 490/2014 de data 25 de novembro de 2014, se convocou a Mesa de Contratación con data 27 de novembro de 2014 para proceder a resolver o empate mediante sorteo.

7. A vista da Acta da Mesa de Contratación no que se expón o que segue; "A vista do establecido na Disposición Adicional cuarta do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de

novembro por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público en adiante TRLCSP, no que se establece o seguinte no seu apartado 2; "2. Os órganos de contratación poderán sinalar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a preferencia na adxudicación dos contratos para as proposicións presentadas por aquelas empresas públicas ou privadas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100, sempre que ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

*Se varias empresas licitadoras das que houberen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal."*

8.A vista do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que se establece no seu artigo 87 , apartado 2 que ; "[...] Nas subastas, si se presentasen dúas ou mais proposicións iguais que resultasen ser a de precio mais baixo, se decidirá a adxudicación de éstas mediante sorteo." Con o que se establece a posibilidade de resolver estes empates mediante sorteo , aínda que esta previsión se recolle única e exclusivamente para as subastas.

9.A vista do Informe 7/2010, de 23 de xuño, da Junta Consultiva de Contratación de Aragón, e do Informe 7/2014, de 11 de abril, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Generalitat de Catalunya (Comité Permanente), e das conclusións do Informe Conxunto de secretaria e Intervención de data 20 de novembro de 2014 que de acordo con os citados dictames conclúe; "Que a vista de que se produxo un triple empate nas ofertas presentadas e de que no Prego de Cláusulas Administrativas non se fixo previsión alguna a este respecto, que se proceda a resolver o mesmo por sorteo en garantía do principio de igualdade de trato entre os licitadores." se decidiu empregar a formula do sorteo para resolver o triple empate que se produciu nas ofertas presentadas.

10.Tras a realización do sorteo mediante a extracción de una bola cun número por a Secretaria da Mesa de Contratación, resulta adxudicataria a empresa Construcciones y Proyectos Abilleira, SL , por o que a mesa propón o órgano de contratación declarar coma oferta economicamente mais centaxosa a presentada por a empresa Construcciones y Proyectos Abilleira, SL o contrato de obra **EDAR DE BUCHABADE**, mediante procedemento negociado sen publicidade, varios criterios de adxudicación , de acordo con os criterios de negociación e o ofertado por a mesma que é o seguinte:

#### **Oferta presentada por Construcciones y Proyectos Abilleira, SL**

A empresa ofertou as seguintes melloras de acordo con o Anexo I do Prego de Cláusulas Administrativas que se detallan e valoran a continuación

- 1- Canlz san PVC corr.dobl.pared Ø200 mm, SN-8, col ; **2 puntos.**
- 2- Muro mamp.ordinaria seco, cara vista, esp=50 cm; H<=2 m ; **12 puntos**
- 3- Levantado de tapa de pozo de rexistro: **40** (indicar o número de tapas de rexistro que se oferta levantar) tapas de pozo de rexistro; **10 puntos.**

4- Limpeza de colectores ; 13 puntos.

5- Vídeo inspección interior de tuberías ; 13 puntos.

Total= 50 puntos.”

11. Con data 1 de decembro de 2014 ditouse Resolución Nº 498/2014 , por a que se declaraba a oferta presentada por Construcciones y Proyectos Abilleira, SL , coma a oferta economicamente mais ventaxosa, e se requería a mesma para que, dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presentase a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de ter constituído a garantía definitiva por importe de **3.130,26 €** (equivalente ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE) amais debería acreditar ante o órgano de contratación, dentro do prazo de dez días hábiles, a posesión e validez dos documentos esixidos que acrediten, a data de remate do prazo de presentación de proposicións, a aptitude, capacidade e solvencia que se esixe de acordo con a cláusula X do Prego de cláusulas Administrativas, esta Resolución foi ecibida con cata 5 de decembro de 2014.

12. Con data 15 de decembro de 2014, Nº RE-4450, se presentou , por Construcciones y Proyectos Abilleira, SL , garantía constituída mediante aval por importe de 3.130,26 €, e certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia no que se acredita a capacidade xurídica de obra así coma a solvencia técnica e financeira amais de estar o corrente na súas obrigas tributarias e con a Seguridade Social.

13. Visto o informe do ORAL de data 16.12.14 onde sinala que non existen débedas da empresa Construcciones Pérez Abilleira, SL co Concello de Ponte Caldelas.

14. Consta informe da Intervención municipal de data 16.12.14.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de CSP **RESOLVO:**

**Primeiro.** Adjudicar o contrato de obra **EDAR DE BUCHABADE por un importe de 75.752,47 € IVE engadido**, mediante procedemento negociado sen publicidade, varios criterios de adxudicación , a empresa Construcciones y Proyectos Abilleira, SL de acordo con os criterios de negociación e o ofertado por a mesma que é o seguinte de acordo con as melloras e criterios de negociación establecidos na cláusula VIII do Prego :

Núm de orde	UD	DESCRICIÓN-	MEDICIÓN	PREZO	IMPORTE
1ª	m	Canlz san PVC corr.dobl.pared Ø200 mm, SN-8, col Canalización de saneamento con tubería de PVC SN-8 corrugada de dobre parede de saneamento para augas residuais, de diámetro exterior 200 mm, unión por xunta elástica, según UNE-EN 13476, capaz de resistir descargas intermitentes de auga a 95ª C, certificado AENOR; instalación para enterrar en gabia según NTE/ISA-9, PG-3 e PTSP, xuntas de conexión de tubería, colocación e proba.	30,00	19,13 €	573,90 €
2ª	m³	m³ muro mamp.ordinaria seco, cara vista,	105,80x0,5x0,8=42,320	86,40 €	3.656,45 €

esp=50 cm; H<=2 m


Execución de muro de mampostería ordinaria granito gris a cara vista, fabricada con mampuestos irregulares en basto, de pedra granítica, con as súas caras sen labrar, colocados en seco, en muro de espesor de 50 cm. ata una altura máxima de 2 m. Incluso preparación das pedras, asento, xuntas de fábrica, elementos para asegurar a trabazón do muro na súa lonxitude, ángulos e esquinas. Según NTE-EFP. Estructuras: fábrica de pedra.


3ª	ud	<b>Levantado de tapa de pozo de rexistro</b> Picado de aglomerado asfáltico enriba da tapa e arredores, levantamento, colocación e recibido a nova rasante de marco e tapa de pozo de rexistro con mortero de cemento incluso retirada e transporte de escombros a vertedoiro autorizado.	40 tapas	87,80 €	Máximo 3.512,00 €
4ª	Pa	<b>MI de limpeza de colectores</b> (Ø 250 mm- Ø315 mm) mediante equipos de limpeza hidrodinámica sobre vehículos aspiradores-impulsores onde sexa necesario en 4.000 m de tubería.	1	4.000	4.000,00 €
5ª	MI	<b>MI de vídeo inspección interior de tuberías</b> (Ø 250 mm- Ø315 mm) mediante equipo de inspección ITV composto por cámara de vídeo e robot tractor, incluso redacción de informe e montaxe de vídeos en formato DVD por empresa acreditada.	4.000	1,00 €	4.000,00 €

**Segundo.** Notificar ó adxudicatario a presente resolución e requirirle para a sinatura do mesmo en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación, todo isto de conformidade co artigo 156 Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP, con posterioridade a sinatura do contrato se deberá presentar por o adxudicatario o Plan de Seguridade e saúde que una vez informado favorablemente por o coordinador de seguridade e saúde será aprobado por o órgano de contratación. Con carácter previo o inicio da obra e con posterioridade a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde se deberá aproba a Acta de Comprobación do Replano.

**Terceiro.** Notificar a todos os interesados no procedemento e publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Mándao e asinao o Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, a 16 de decembro de 2014, do que, como Secretario, dou fe.

  
O Alcalde,  
Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

  
O Secretario,  
Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel